



## Concello de Bueu

### **BANDO DA ALCALDÍA QUE REGULA AS ACTIVIDADES CO GALLO DAS FESTAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO. ANO 2025**

FÉLIX JUNCAL NOVAS, alcalde do concello de Bueu, no exercizo das atribucións recoñecidas no artigo 21.1 e) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, tendo en conta que o bando da alcaldía ten un profundo raizame no noso sistema local, que se configura como a forma máis directa de poñerse en contacto coa veciñanza para convocalo a participar nun acontecemento de arraigada tradición popular á vez que se toman e recordan as medidas de seguridade para que, entre outros, os servizos municipais poidan funcionar coa eficacia debida, consonte dispón o art. 1º e 7º.3 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a todos os veciños do termo municipal e aquelas persoas que transiten polo mesmo,

#### **FAI SABER :**

Por mor da celebración da víspera da noite de **San Xoan e San Pedro**, nas que se produce o encendido de innumerables fogueiras e en prevención dos prexuízos que a persoas e bens públicos poideran producirse, que:

1º.- Logo da solicitude e obtención da correspondente autorización municipal, esixible por mor do disposto no apartado 5º do artigo 36 Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, poderán realizarse fogueiras, nos lugares, datas e co cumprimento das condicións que figuran no presente bando municipal.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099





## Concello de Bueu

---

2º.- Só serán susceptibles de autorización as solicitudes sobre terreos ou espazos públicos onde non resulten expresamente prohibidos polas ordenanzas municipais, ou ben en terreos privados.

3º.- Só será autorizable a realización de fogueiras, **previa presentación no rexistro xeral do Concello da seguinte documentación, debendo seguirse as seguintes regras:**

a).- Deberá presentarse a solicitude xunto coa documentación completa antes do 12.06.2025 (incluído). As solicitudes formuladas despois desta data ou as que se atopen incompletas non serán resoltas e polo tanto non se poderán considerar autorizadas.

b).- Presentarase no modelo que será facilitado polo Concello, unha declaración responsable co compromiso de adopción das medidas de seguridade indicadas.

c).- No suposto de varias solicitudes no mesmo lugar do dominio público, serán resoltas por sorteo público.

d).- Será responsable o solicitante de que nun prazo improrrogable de 48 horas o espazo de dominio público ocupado quede en perfectas condicións de ser utilizado, en atención aos usuarios do mesmo.

4º.- A **montaxe das fogueiras deberá realizarse en lugares despexados** mantendo unha **distancia de seguridade**, como mínimo de 25 metros das edificacións, liñas aéreas de servizos, mobiliario urbano, e vehículos. Non se permite a súa montaxe sobre pavimentos asfálticos ou de formigón armado.





## Concello de Bueu

5º.- A fogueira **non superará unha altura** superior de 3 metros en ningún caso. Ubicaranse en buratos, o máis profundos posibles, e debidamente rodeadas de pedras ou unha pequena zanxa.

Os fogos deberán ser pequenos nun primeiro momento, votaráse a leña progresivamente, e, finalmente, nunca superarán unha dimensión tal que impida sofocalos coa suficiente rapidez cos medios de extinción de incendios axeitados.

6º.- **Só se queimará material combustíbel sólido**, quedando expresamente prohibido a queima de neumáticos, as gomaespumas, os plásticos, os botes de aerosoles de calquera clase, ou calquera outro tipo de residuo inflamable, explosivo ou cuxa combustión poida conlevar a emisión de fumes ou gases, contaminantes ou molestos.

7º.- Os **organizadores e persoas responsables das fogueiras deberán ser maiores de idade**, coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos servizos de extinción de incendios.

**Ante calquera incidencia ou emerxencia deberá avisar inmediatamente ao teléfono da Policía Local de Bueu: Tel 986 32 00 62.**

Terase a man **mangueriras, extintores ou, cando menos, auga con capacidade para 20 caldeiros**, cos correspondentes baldes e disporase dun pequeno botiquín de primeiros auxilios, especialmente equipado para queimaduras.

8º.- Será **obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade**, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo.

9º.- A **ubicación das fogueiras non entorpecerá os viais de acceso ou circulación** pola zona.

10º.- Os **organizadores da fogueira son os responsables da súa total e correcta extinción** e ao remate da mesma e antes de abandonar o lugar, coidarán de que as **cinzas queden totalmente apagadas**.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099





## Concello de Bueu

11º.- Queda prohibido o uso de petardos de calquera clase aos menores de idade.

12º.- Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas que no estean expresamente autorizadas no caso de fogueiras no dominio público.

13º.- Con exceso de vento queda prohibido prender fogueiras.

14º.- Establécese o depósito dunha **fianza**, en previsión de posibles danos, polo importe de 100€ ( **Só no caso de fogueira en dominio público municipal**).

15º.- Deberá terse en conta o establecido nos **artigos 36 e 37 da Lei 3/2007**, de 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, de acordo coa redacción da Lei 7/2012 de 28 de xuño de 2012 de montes de Galicia, en relación ás zonas agrícolas, aos terreos forestais e zonas de influencia forestal, en redacción dada pola Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

16º.- A **Policía Local de Bueu, vixiará rigorosamente** o cumprimento destas disposicións, **podendo en caso de calquera infracción ou perigo, mesmo meteorolóxico, prohibir o encendido ou ordear a extinción da fogueira.**

17º.- Nos casos de que o **índice de risco diario de incendio forestal (IRDI)** sexa moi alto ou extremo o día da celebración, se entenderán, en todo caso, revogadas as autorizacións emitidas con anterioridade.

18º.- O incumprimento do disposto neste **BANDO**, dará lugar ás preceptivas sancións administrativas.

(Documento asinado dixitalmente na data da marxe polo Alcalde Félix Juncal Novas)

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029. Fax: 986322099

